

EDICTO

No cumprimento do que dispón o artigo 104 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, (R.D. 2568/86, de 28 de novembro); faise público o acordo acadado polo Pleno do Concello, na súa extraordinaria que tivo lugar o día 23 de xuño de 2015.

“Primeiro.- Aprobar o seguinte cadro de persoal eventual, coas retribucións anuais que se fixan a continuación:

Posto de traballo	Denominación	Retribucións anuais
Persoal eventual	Colaborador de área 1	30.000,00 €
Persoal eventual	Coordinador de área 2	30.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 3	24.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 4	22.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 5	17.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 5	17.000,00 €
Persoal eventual	Colaborador de área 5	17.000,00 €

Segundo.- Publicar o número de postos de traballo eventuais na sede electrónica do Concello e no Boletín oficial da Provincia (BOP).

Terceiro.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer os seguintes recursos:

a)- Con carácter potestativo un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LPAC).

b)- Directamente contra esta resolución poderase interpoñer un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.”

Oleiros, 30 de xuño de 2015

O alcalde,

Angel García Seoane

